

Luns, 19 de decembro de 2022

Núm. 240

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas**

APROBACIÓN DA APERTURA DE NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE SUBVENCIONES PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA (EXPEDIENTE 2022023348)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 2 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

22.32357.- APROBACIÓN DA APERTURA DE NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE SUBVENCIONES PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA (expediente 2022023348)

A Xunta de Goberno da Deputación, na súa sesión do 13 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria de subvencións para a “Redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclistas nos concellos da Rede Ágora” (expediente 2022023348). Este acordo publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de 20 de maio de 2022.

Durante o prazo establecido, que rematou o 4 de xullo de 2022, presentaron solicitudes 28 concellos, para redactar 77 proxectos.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 21 de outubro de 2022, aprobou a concesión de subvencións a sete concellos para redactar vinte e catro proxectos conforme as memorias presentadas. Finalizado o proceso de validación de todas as memorias presentadas, o 25 de outubro de 2022 propúxose a concesión de subvencións aos vinte e un concellos restantes para cincuenta e un proxectos e polos importes que se detallan:

<i>Importe de subvencións concedidas</i>	<i>Importe da proposta de concesión</i>	<i>Total</i>
305.014,92 €	754.772,06 €	1.059.786,98 €

Consideracións:

O obxecto da convocatoria é impulsar a realización de proxectos de recuperación de espazos públicos no ámbito municipal para devolvérllelos ás persoas, así como a creación de sendas peonís e/ou ciclables, para permitir a implantación de formas de desprazamento máis sostibles.



Luns, 19 de decembro de 2022

Núm. 240

Subvenciónase a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e a creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora conforme as bases da convocatoria publicadas no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022.

O procedemento de concesión é de concorrencia non competitiva, segundo a orde de entrada das solicitudes no Rexistro xeral da Deputación de Pontevedra.

A liña de subvención está dotada con 1.960.000 €, dos cales 960.000 € son con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10/21 e 1.000.000 € con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10.

Tendo en conta as solicitudes aprobadas e as propostas para aprobación, existe un crédito dispoñible de 900.213,02 € (resultado da diferenza: 1.960.000 – 1.059.786,98 €).

De acordo co recollido no derradeiro parágrafo da base reguladora 3.^a, ao non terse consumido todo o crédito, poderá abrirse un novo prazo de solicitudes, ao que se poderán presentar tanto os concellos que non o fixeron na primeira convocatoria coma os que xa o fixeron, poñéndose a disposición de cada un deles de novo outros 50.000 € como máximo.

O órgano competente para abrir un novo prazo é o mesmo que aprobou as bases; e dicir, a Xunta de Goberno.

Polo que antecede, logo do informe da Secretaría Xeral do 2 de novembro de 2022 e da dilixencia de conformidade da Intervención Xeral do 9 de novembro de 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes conforme as bases reguladoras de subvencións para redactar proxectos de recuperación de espazos públicos e crear sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora publicadas no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022, financiándose co crédito dispoñible por importe de 900.213,02 € con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10.

Segundo. O novo prazo de presentación de solicitudes é de 30 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio correspondente no BOPPO.

O que lle comunico a vostede para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o artigo 206 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

